

A distinción entre conxuncións e conectores discursivos e a súa manifestación fraseolóxica¹

Distinction between conjunctions and discourse connectives and their phraseological manifestation

Manuel Martí Sánchez
Universidad de Alcalá
manuel.marti@uah.es

Lo que hace un problema de un problema es que contiene una contradicción (Ortega y Gasset: La España invertebrada).

Resumo: Os problemas terminolóxicos conteñen a miúdo problemas de fondo. Con esta idea, o propósito do artigo é examinar as causas lingüísticas e metalingüísticas da confusión que rodea as categorías da conxunción e os conectores discursivos (e os seus correlatos fraseolóxicos), incrementada tras a irrupción dos segundos na bibliografía especializada. Sobre este exame, propónse unha caracterización destas dúas clases de palabras, para diferencialas e tamén para sinalar as súas zonas de indistinción. A oposición entre conxunción e conector discursivo crúzase coa existente entre palabra e unidade fraseolóxica, pois moitos dos conectores e algunhas conxuncións son locucións. Aquí radica unha clave para entender o significado procedemental destas unidades.

Palabras clave: Clases de palabras, conxunción, conector discursivo, pragmatogramática, locucións adverbiais, locucións conxuntivas, sintaxe.

Abstract: Terminological disputes often contain underlying problems. With this in mind, the aim of this paper is to examine the linguistic and metalinguistic causes of confusion around conjunction

Data de recepción 1.3.2013. Data de aceptación 6.5.2013.

¹ A versión preliminar deste artigo presentouse como comunicación no II Coloquio Internacional “Marcadores discursivos en las lenguas románicas. Un enfoque contrastivo” (Buenos Aires, 5, 6 e 7 de decembro de 2011). Este traballo está vinculado ao Grupo de Investigación UCM 930235 “Fraseología y Paremiología” (PAREFRAS); enmárcase no Proxecto de Investigación “Estrategias para aplicar las TIC al proceso de adquisición de la competencia paremiológica en el marco de la enseñanza/aprendizaje de lenguas” (Paremiastic, FFI2011-24962, 2012-2014, Ministerio de Ciencia e Innovación). Para pechar esta primeira nota, quero agradecerlle a Inmaculada Penadés unha vez máis os seus sabios e profundos comentarios, que tanto me axudan sempre.

categories and discourse connectives –as well as their phrasal counterparts. Such confusion has increased since the latter burst into specialised bibliography. In examining the mentioned causes, both parts of speech are characterised in order to distinguish them and to identify coinciding areas. The opposition between conjunction and discourse connective intersects with that between word and idiom, since many connectives and some conjunctions are in fact idioms. Here lies a key to understand the procedural meaning of these units.

Key words: Parts of speech, conjunction, discourse connective, pragmagrammar, adverbial idioms, conjunction idioms, syntax.

1. Introducción

1.1. Presentación do problema

Dende os gregos, a clasificación das palabras (μέρη λόγου) foi tarefa prioritaria para a Gramática². Así aconteceu ata tal punto que se dixo que a historia da lingüística occidental está marcada pola transmisión dun modelo centrado en torno ás clases de palabras (Swiggers 1999: 23). Polo menos ata case mediados do século XIX, a unidade fundamental da análise gramatical foi a palabra (Gómez Asencio 2003: 329-330).

Unha vez máis, os gregos realizaron un gran traballo que serviu de base para a clasificación das locucións (Penadés 2012: 75; Montoro del Arco 2006: 100-105, 112-113). Isto foi moitos séculos despois, porque nin nestes nin na gramática *tradicional* se deu un recoñecemento explícito das locucións, confundidas con unidades pluriverbais libres inferiores á oración (Gómez Asencio 2003, 2004 e 2006) e outras UUFF (cfr. García Romero 1999 e 2001; Montoro del Arco 2005: 1464 e ss.).

Xa con Aristarco de Samotracia (século II a. C.), o seu discípulo Dionisio de Tracia (séculos II-I a. C.) e Apolonio Díscolo (século II d. C.), estableceuse o canon que, coa inclusión da interxección e a eliminación do participio, quedou formado por nome, artigo, adxectivo, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección. Así seguiron as cousas ata o presente, malia as reformas que se propuxeron xa dende os comezos (Lallot 2001: 265 e 266. Cfr. Auroux 1992; Colombat 1999); algunhas sumamente radicais (Lagarde 1988; Portine 2001: 240-241) e interesantes como a de E. Benot (de comezos do século XX), cun funcionalismo extremo que o leva a afirmar que na Gramática non hai partes da oración, senón *expresiones o entidades elocutivas propias para determinadas funciones* (Hurtado 2002: 84). Con outras palabras, para Benot, ningunha palabra pertence *per se* a unha determinada clase; só se pode situar nunha clase a través do seu uso concreto.

A gramática grega non só transmitiu a base taxonómica senón que tamén transmitiu os seus principais problemas. Por exemplo, o daquelas clases con subgrupos que *dan lugar a clases cruzadas* (RAE-AALE 2009: 43). É o caso do adxectivo, o adverbio e o pronomes. Seguramente, esta última sexa a máxima expresión destas clases superpostas a outras,

² Escribimos con maiúscula o nome da disciplina para distinguila do seu obxecto, a gramática (con g minúscula). O mesmo faremos no caso da Sintaxe.

sempre entre a súa condición mostrativa (compartida polo menos con determinantes e adverbios) e a nominalidade das mostras pronominais máis representativas (Lalot 2001: 269-274; Barrenechea 1969).

A RAE y Academias de la Lengua Española (2009: 46-52) foron máis alá coas chamadas *clases transversais* (adxectivo de moda) que atravesan algunhas das clases tradicionais de palabras, agora concibidas como *clases sintácticas*³. Froito da reagrupación de subclases compartidas por clases sintácticas tradicionais, son as seguintes clases transversais: cuantificadores, demostrativos, relativos, interrogativos e exclamativos. Aínda que non se inclúan nesta relación, poderían engadirse tamén as palabras negativas.

Tamén encaixaron, de feito, nas clases transversais os marcadores do discurso, pero xa non como clase sintáctica, senón como unha *clase discursiva que puede estar formada por adverbios, preposiciones, conjunciones o incluso por segmentos más complejos* (RAE-AALE 2009: 53). Xa veremos a importancia de adverbios e estes últimos *segmentos más complejos* como fonte fundamental da nova clase. Agora o interesante é que, para a gramática académica, unha unidade pode ser marcador discursivo e, ao mesmo tempo, tamén pertencer a unha clase sintáctica.

Nas clases discursivas, ou funcionais se preferimos a denominación de Martín Zorraquino (2010: 93-94), a transversalidade é diferente do que nos referidos cuantificadores, demostrativos, relativos, interrogativos e exclamativos. *Un millón* é un cuantificador e un nome. É un caso de policategorización (unha forma pertence a dúas ou máis clases de distinta natureza). Aínda así, nos marcadores do discurso hai policategorización, pero tamén descategorización (abandónase unha clase e pásase a outra) (Colombat 1988: 8-9). Os marcadores discursivos non son unidades primarias, senón o resultado dun cambio categorial, frecuentemente incompleto. Deste xeito, nun marcador discursivo concorren unha antiga categoría residual e a dobre pertenza a unha clase sintáctica (máis ou menos, no caso, p.e., da interxección) e á clase discursiva dos marcadores.

En (1) *Hombre* xa non é propiamente un substantivo, aínda que conserve algunhas das súas propiedades. O que parece ser conxuntamente é unha interxección e un marcador discursivo, dúas clases transversais. É interxección polo seu illamento e por dar lugar a un acto verbal. É marcador discursivo pola súa función coordinadora no intercambio discursivo, a súa perda de contido léxico así como pola súa independencia sintáctica e fónica.

1. A: *-No aguanto a mi suegra.* B: *-¡Hombre, no será para tanto!*

³ Esta é a denominación preferida por Bosque e Gutiérrez Rexach (2008: 101) e RAE-AALE (2009: 43), acorde coa idea maioritaria actual de que as palabras se clasifican en grupos sintácticos (RAE-AALE 2009: 46) e incompatible coa idea tradicional de que esta cuestión era tarefa da análise morfolóxica, aínda presente en Martín Zorraquino (2010). Esta posición actual non desterrou os tradicionais criterios morfolóxicos, semánticos, funcionais (dos que formaría parte o sintáctico) e metalingüísticos (Auroux 1992: 583-585. Cfr. RAE-AALE 2009: 43). Para a clasificación das palabras na tradición gramatical española seguen sendo fundamentais Gómez Asencio (1981) ou Calero Vaquera (1986).

En (2), o proceso e maila transversalidade propia de *en cambio* son distintos:

2. *Abraham y Moisés se saludaron afectuosamente; en cambio, Abelardo y Eloísa ni se miraron.*

Aquí a descategorización non afecta ás clases de palabras, senón ao paso dun sintagma libre á locución *en cambio*. A transversalidade maniféstase na dobre pertenza de *en cambio* aos conectores discursivos (dentro dos marcadores) e, seguramente, aos *adverbiais*⁴.

Deixando para § 4.3. a relación de conectores discursivos e adverbiais, a irrupción dos conectores discursivos (CD), como subclase dos marcadores, afectou bastante á identificación das conxuncións, independentemente de que admitamos ou non a transversalidade dos CD no sentido académico que abre a porta a que poida haber unidades simultaneamente CD e conxuncións.

Dende unha perspectiva historiográfica, o problema é vello (nada hai novo baixo o sol). Xa aparece coa dobre función que a gramática tradicional dende os gregos lle atribúe á conxunción: enlace de palabras e ordenación discursiva, pé para a presenza no inventario conxuntivo de unidades como *por consiguiente, por último, es decir; no obstante...* A estas refírese Gómez Asencio (2004: 7) nun artigo imprescindible como *unidades especialmente molestas que se desplazan: 'unidades' tránsfugas, almas en pena que vagan de clase en clase sin encontrar reposo categorial*.

Máis recentemente, cando no último terzo do século XX a Sintaxe se abre ao pragmático-discursivo e ao oral, o problema faise evidente. Na época das gramáticas transoracionais, esta evolución levou, nun primeiro momento, á extensión das conxuncións na mesma liña da gramática tradicional aínda que de forma máis consciente. Nunha segunda etapa, levou ao repregue das conxuncións en beneficio da nova clase emerxente dos CD. Tamén fавoreceu o pulo dos CD o desenvolvemento paralelo de disciplinas como a Sociolingüística interaccional e a Pragmática. Adoptando a terminoloxía de Lakatos, hoxe diríamos que os CD se comportan como unha categoría *progresiva* e que as conxuncións se comportan como unha categoría *regresiva* (ver, máis abaixo, n. 11).

1.2. Interese para a Fraseoloxía

Movidos polos problemas de descrición e de aplicación docente que xera a confusión entre conxuncións e CD, queremos mellorar a comprensión de ambas categorías para non confundilas, polo menos conceptualmente, pero tamén para indagar nas causas lingüísticas e metalingüísticas de que así poida acontecer. Con isto, avanzaremos na liña dun noso anterior traballo (Martí 2011b).

Dado que a maioría dos CD e bastantes conxuncións son locucións, o obxectivo que nos propoñemos afecta á Fraseoloxía –en dous sentidos: un terminolóxico e outro, icónico e xenético– na medida en que a abundancia de CD que son locucións proporciona

⁴ Empregaremos este termo da gramática inglesa como o hiperónimo de adverbios, locucións adverbiais e oracións adverbiais (Leech 1989: 24).

información sobre a súa natureza e o mecanismo decisivo para a súa constitución. O exame destes dous puntos será un motivo máis para sentir a forte interrelación entre marcadores discursivos en xeral e UUFF, tamén en xeral. Será tamén o recoñecemento da luz que achegan os fraseólogos a este asunto.

1.2.1. Dimensión terminolóxica

Na distinción conxunción / CD danse os tres tipos de problemas da terminoloxía lingüística sinalados por Swiggers (1999: 12-14):

- a) Historiográfico, relacionado coa formación das dúas categorías metalingüísticas.
- b) Metodolóxico, centrado nos requisitos para a súa formación e uso. Ademais da sistematicidade derivada do *Principio de empirismo* de Hjelmslev⁵, Swiggers (1999: 30-31) fala das esixencias formais de transparencia, adecuación, coherencia e economía.
- c) Epistemolóxico, relativo á súa correspondencia co obxecto observacional.

Dos tres tipos de problema, o b) será o que teña unha maior presenza nestas páxinas, porque queremos explorar a posibilidade dunha definición operativa de conxunción e CD como categorías da análise gramatical, baixo a forma de ideas claras e distintas, nun senso próximo a Descartes⁶, aínda que bastante modesto. Se a Lingüística quere ser unha ciencia rigorosa, a súa terminoloxía debe selo (cfr. Lazard, 1999).

Como xa se dixo, numerosos CD son locucións cun estatuto que nunca estivo claro, como sinala Penadés (2012: 176 e 162), isto desencadea que tampouco estea claro o estatuto das locucións conxuntivas (cfr. Montoro del Arco 2006: 149-151). Non o estaba na tradición española cos seus problemas de identificación e clasificación destas unidades complexas, nun barullo no que, ás veces, algunhas delas se adscribían dobremente ás expresións, locucións ou modos conxuntivos e ás locucións ou modos adverbiais (Gómez Asencio 2004: 7-9).

Con tanta investigación (e se cadra a causa dela), a natureza destas locucións segue sen estar clara na actualidade, pois persisten as discrepancias, se é que non se agudizaron. As dúas posturas máis interesantes represéntanas as persoas que, por un lado, defenden que son locucións marcadoras (Ruiz Gurillo 2010), dentro da macrocategoría das locucións particulares (Montoro del Arco 2006: 241-270); e por outro, como a nova gramática académica que di que son adverbiais. Dende os conceptos de clase transversal e discursiva da nova gramática académica (ver, arriba, § 1.1), a diferenza destas dúas

⁵ *La descripción habrá de estar libre de contradicción (ser autoconsecuente), ser exhaustiva y tan simple como sea posible. La exigencia de falta de contradicción tiene preferencia sobre la de exhaustividad. La exigencia de exhaustividad tiene preferencia sobre la de simplicidad* (Hjelmslev, 1974[1943]: 23-24).

⁶ Claras, no sentido de que se presentan como evidencias a unha persoa atenta; e distintas, no sentido de que non se confunden coas categorías veciñas. *La connaissance sur laquelle on peut établir un jugement indubitable doit être non seulement claire, mais aussi distincte. J'appelle claire celle qui est présente et manifeste à un esprit attentif; et distincte, celle qui est tellement précise et différente de toutes les autres, qu'elle ne comprend en soi que ce qui paraît manifestement à celui qui la considère comme il faut* (Descartes 1644: I, 45).

posicións redúcese moito posto que unha destas unidades pode ser á vez marcadora e adverbial (ver, abaixo, § 4.3).

Un exemplo recorrente deste problema taxonómico, comentado por autores como Corpas, García Page ou Ruiz Gurillo, é o de *sin embargo*. Locución adverbial no Diccionario panhispánico de dudas, locución adverbial e conector discursivo adverbial na nova gramática académica; pero segue aparecendo como locución conxuntiva adversativa no DRAE. *Antes bien, ahora bien* ou *ahora que* son, para García-Page (2008: 133), locucións conxuntivas; mentres que as dúas primeiras para a nova gramática académica son adverbiais e CD. No seu dicionario de locucións adverbiais, Penadés (2005) non recolle *antes bien, ahora bien, ahora que* ou *sin embargo*; pero faino con outros conectores contraargumentativos como *al contrario, por el contrario* ou *en cambio*.

1.2.2. Dimensión icónica e xenética

En segundo lugar, a cuestión que nos ocupa é de interese fraseolóxico porque a distinción entre conxuncións e CD é parcialmente unha oposición entre categorías funcionais / categorías léxicas e formas simples / formas complexas. As conxuncións contan con formas xeralmente máis simples e gramaticais, mentres que a maior parte dos CD son locucións (cfr. Montoro del Arco 2006: 243-244) e están máis próximos ao léxico. Esta diferenza posúe un carácter icónico. Apelando á iconicidade da cantidade, esta diferenza entre CD e conxuncións reflicte o carácter marcado⁷ e o residuo conceptual dos primeiros. Non parece casualidade que as conxuncións léxicas, as máis próximas semanticamente aos CD, sexan tamén maioritariamente locucións (Pavón 2003: 211-213). Este predominio fraseolóxico de CD e conxuncións léxicas apunta ao núcleo do noso problema e á función das UUFF.

O feito de que a maior parte de CD e conxuncións léxicas sexan locucións obriga a reparar no proceso metonímico constitutivo para o que se propuxeron diversos termos: gramaticalización, lexicalización ou pragmatización (cfr. Estellés 2009: 16-33). Nós preferimos falar de pragmalexicalización e pragmagramaticalización. *Pragma-*, porque o proceso en moitos casos non está concluído, de modo que coexisten lecturas fraseolóxicas e literais; e *-lexicalización* ou *-gramaticalización*, polo destino do cambio. No caso dos CD, o devandito residuo conceptual e a súa vinculación co adverbio (ver, abaixo, § 3.1 e 4.3) lévanos a compartir a opinión de Elvira (2009: 220-227) que afirma que o proceso que constitúe os CD non é gramatical, senón léxico (ver embaixo n. 22).

⁷ O carácter marcado destas formas preséntase moi ben en Timofeeva (2012: 112). Nos procesos de cambio semántico, Geeraerts (1997: 92) observa dúas grandes causas: a expresividade e a eficiencia. A eficiencia apunta ao papel que exercen no proceso constitutivo as necesidades xerais de mellora do conxunto da lingua, satisfacendo novas necesidades ou solucionando problemas de homonimia e sinonimia. A expresividade continúa polos mesmos camiños de mellora da lingua, pero explícase máis que polas consideracións abstractas desta, por necesidades comunicativas concretas, basicamente, interpersoais, relacionadas coa actividade discursiva. O que parece suceder no proceso constitutivo dos CD é unha combinación de eficiencia e expresividade, onde esta última, pola súa relación coa subxectividade, parece máis básica e explica o seu carácter marcado.

1.3. ¿Problema ou pseudoproblema?

Conclúe esta introdución cunha cuestión de principio. A distinción entre conxuncións e CD está por resolver. Aínda que o habemos de comprobar con máis detalle deseguido en § 2.3., xa se infere cando se alude ao *límite muy escurridizo* entre certos usos conxuntivos e conectores (RAE y Asociación de Academias de la Lengua Española, 2009: 2365) ou cando se presenta a distinción como *una cuestión de especial complejidad* (Pons Rodríguez 2010: 535).

Aínda así, non parece que se estean consagrando moitas enerxías á distinción entre conxuncións e CD nas áreas disciplinares onde máis se esperaría o esforzo, se o comparamos co esforzo realizado na Fraseoloxía, e iso é motivo de reflexión.

Aínda que a condición transversal e discursiva dos CD lanzou algunha luz abrindo a posibilidade da dobre pertenza dunha unidade a dúas categorías, a situación parécese á dos anos oitenta cando xurdiu o debate (cfr. Fuentes, 1987a: 41-45), se é que non queremos remontarnos á gramática tradicional.

Todo feito ten a súa lóxica e esta falta de avance tamén. Os gramáticos formalistas declaran moi popperianamente que *las desavenencias de terminología y nomenclatura son poco menos que espuma hueca* (Bosque 1997. Cfr. Lazard 1999: 111-112) e instan a que a investigación se libere da *continua vuelta a los fundamentos* (Bosque e Gutiérrez-Rexach 2008: 6). Xa na súa primeira etapa e nunha orde distinta, os chomskianos referíanse despectivamente ao distribucionalismo como *lingüística taxonómica*⁸.

Tampouco se ve unha particular preocupación nas filas funcionalistas, nas que se sitúan os máis dos estudosos dos marcadores discursivos. Nelas o problema atenúase, se non desaparece, cando se propugna *partir de las funciones, y no de las formas* (Borreguero e López Serena 2011: 177. Cfr. Fuentes 1987a: 51). Sobre todo se, entre esas funcións, están a cosubordinación (ver, abaixo, n. 11) ou a hipotaxe. E esta última, tanto se se entende como *subordinación semántica* (Portine 2001: 242), relación interoracional entre a independencia e a subordinación (Espinosa 2010: 292-296), como se se entende directamente como relación pragmático-discursiva (López García 1999: 3517-3518).

Esta actitude, común a formalistas e funcionalistas, fortalécese cos supostos de que conxuncións e CD desempeñan funcións distintas e de que o que define os segundos é precisamente a función, como corresponde ao seu carácter discursivo. En consecuencia, non pode suscitar tanto problema a distinción: conxuncións e CD son categorías de natureza distinta que non entran en colisión ao se moveren en territorios diferentes.

E, para máis, hai que contar coa tendencia tan humana de non romper a cabeza, racionalizada entre os lingüistas con macrocategorías como as partículas (Martí Sánchez 2011b: 10, n. 13) ou co tópico do centro e a periferia e as categorías intermedias como as *mediocnxuncións (half conjunctions)* (Cuartero 2002: 31) ou os *adverbios conxuntivos* de Greenbaum (Fuentes 1987b: 62; Conti 2012) (ver, abaixo, § 4.3). Outro bo recurso

⁸ Coa vista posta nas clases tradicionais, Colombat (1988: 3-4) preguntase pola esterilidade de estudar as partes do discurso. A súa resposta é que, polo menos, existen razóns de tipo práctico que o xustifican.

para sortear a distinción é o argumento de Humboldt de que toda acción terminolóxica é un *acto de violencia* sobre a lingua ordinaria (Trabant 1992: 91-107), en consecuencia, contra a realidade lingüística.

Aínda así, coidamos que existe un problema que é importante e que, en consecuencia, cómpre solucionar (polo menos, intentalo), porque as discusións terminolóxicas non sempre son bizantinas.

En primeiro lugar, porque unha actividade científica precisa unha terminoloxía sistemática, transparente, adecuada, coherente e económica (ver, arriba, § 1.2.1) que satisfaga a súa triple función de *distinguir, clasificar e nomear* (Portine 2001: 239). Ende mal, a metalinguaxe gramatical está lonxe destas esixencias (Lazard 1999: 113-114).

En segundo lugar, hai un problema porque os termos metalingüísticos representan a guía para conceptualizar e ordenar o universo factual. Máis que como *flatus vocis*, compórtanse como ideas no sentido platónico. Mentres conservan a súa capacidade categorizadora e a pesar de posibles modificacións na súa intensión e extensión, seguen servindo para clasificar unha mostra dentro dunha categoría.

Finalmente, existe un problema importante que hai que solucionar (polo menos, intentalo) porque, para nós, CD e conxuncións son obxecto de estudo da Gramática, tal e como a entendemos, aínda que operen en niveis diferentes⁹. A Gramática debe diferenciar e estudar uns e outras nos enunciados. Se cadra cando alguén considera única e individualmente os CD como marcadores discursivos, abóndalle con constatar que ás veces as tradicionais conxuncións “marcadorízanse”, sen entrar en máis detalles, porque estas son unha categoría gramatical e, polo tanto, allea aos seus intereses.

2. Exame

2.1. Escena do conflito

A confusión terminolóxica e, en consecuencia, conceptual entre conxuncións e CD déixase sentir nas tres ordes do traballo lingüístico: teórico, descritivo e aplicado¹⁰. É lóxico: as terminoloxías son sistemas, polo que calquera cambio nel, por exemplo, a introdución dun novo membro, afecta aos demais e ao conxunto enteiro¹¹.

⁹ Para nós a Gramática é a disciplina que estuda o sistema polo que os falantes constrúen e interpretan eficientemente os enunciados. Dentro dela, os marcadores discursivos son unha categoría propia do nivel pragmagramatical, espazo no que se convencionan os efectos da explotación pragmática da gramática. O nivel das conxuncións é o gramatical estrito (Martí Sánchez 2011a).

¹⁰ No Plan Curricular del Instituto Cervantes, concorren como CD conxuncións prototípicas como *y, pero* ou *porque*, conectores con usos adverbiais e conxuntivos como *como*, xunto a claros adverbios como *también, tampoco* ou *asimismo*. É unha manifestación da posición funcional aludida en § 1.3 e dunha confusión multiseccular (ver, arriba, § 1.2.1). Todo isto é aceptable se se aplica dun modo coherente a todos os fenómenos lingüísticos; pero isto, curiosamente, é o que non se fai, xa que alternan como ferramentas básicas de análise funcións e clases formais.

¹¹ Non é esta a única fronte aberta ás conxuncións. Outros dous feitos alteraron bastante o inventario tradicional conxuntivo na mesma liña do seu debilitamento. O primeiro é a irrupción de *complementante* como equivalente de conxunción subordinante funcional das subordinadas substantivas (*que, si*) (Bosque e

O problema sitúase na discriminación das categorías situadas no continuo constituído polas conxuncións subordinantes (funcionais e léxicas) (3 e 4), coordinantes e cosubordinantes (5 e 6)¹², non marcadas e marcadas (7 e 8)¹³, e os CD máis estritos. Isto é, aditivos (9), contraargumentativos (10) e consecutivos (11) (se cadra algún máis), que dan lugar ás relacións argumentativas (Martín Zorraquino e Portolés 1999) ou, se se prefire, lóxicas de causa-efecto (Halliday 1994[1985]: 310, 323-327):

3. *Le ha contado que se le olvidó llamarlo.*
4. *Como no estabas, se lo dije a Laura.*
5. *Está en la oficina o visitando a un cliente.*
6. *Ya que me obligas, se lo dejaré.*
7. *Aunque lo maten, no lo hará.*
8. *No dirá la verdad así lo cuelguen de un palo.*
9. *Antonio está enfermo. Además, no va bien su matrimonio.*
10. *Me quedaré en casa, eso sí, estaré disponible si me necesitas.*
11. *Papá está dormido, por tanto, dejad de hacer ruido.*

O seguinte esquema reflicte este complexo onde se aliñan as devanditas categorías:




Figura 1

Gutiérrez-Rexach 2008: 192-193). O segundo, a disolución das conxuncións subordinantes léxicas nunha preposición ou outra unidade inicial (*porque, para que, puesto que...*), tomadas como núcleo dun sintagma complementante (Pavón 2003: 301-302).

¹² Este último termo procede do concepto de *cosubordinación* de van Valin e LaPolla (1997: 450. Cfr. Espinosa 2010: 249-251 e 292 n. 96). A cosubordinación é asimilable á interdependencia de Hjelmslev e á hipotaxe no sentido de § 1.3. As conxuncións léxicas (*apenas, como, conque, dado que, luego, mientras, puesto que, si condicional...*) son aquelas que conservan un residuo conceptual do seu significado orixinal (Pavón 2003: 204-205, 220-225 e 302-305). Moitas destas conxuncións son cosubordinantes, pois forman parte desas construcións explicativas, ilocutivas ou ilativas, tan resistentes á análise sintáctica e non por casualidade. Na análise de *pues* que se fará en § 2.3.2. volveremos sobre os problemas das ilativas. Verbo desta cuestión é moi recomendable a análise de *de manera que* feita por Montoro del Arco (2006: 228-238) e o cadro de García Izquierdo (1998: 48-49).

¹³ Esta cuestión é importante na tarefa que nos ocupa, pois as conxuncións e locucións conxuntivas marcadas cárganse de valores pragmático-discursivos que as achegan aos CD. A oposición entre formas neutras / marcadas superponse á existente entre conxuncións funcionais e léxicas, e, parcialmente, á que se dá entre conxuncións e locucións conxuntivas. De aquí extráese unha interesante observación: as conxuncións máis próximas aos CD son as marcadas e léxicas, que son locucións. En § 4.1 volverase a esta cuestión, á que xa se aludiu en § 1.2.2., n. 7.

Afinando, o problema concéntrase na fronteira na que coliden adverbios que cumpren funcións conectoras (12 e 13), conxuncións e locucións conxuntivas léxicas (14-16), conxuncións con usos pragmáticos e extraoracionais (17-24), así como as combinacións incompletamente fixadas que cumpren unha función cohesiva (25-28):

12. A: - *Laura ha llamado para decir que su padre está enfermo.* B: -Entonces, ¿no viene?
13. A: - *Laura ha llamado para decir que su padre está enfermo.* B: -Luego no viene.
14. Ya que estamos en el centro, podemos aprovechar para hacer unas compras.
15. *Isabel no dio de comer a los periquitos y eso que lo había prometido.*
16. *En aquellos meses de verano apenas si pensó en algo más, de ahí que aceptara el papel de esperar* (RAE-AALE 2010: 894).
17. Pero, ¡qué interesante es lo que acabas de decir!
18. ¡Pero si no he abierto la boca!
19. A: -*Prometiste venir a la fiesta.* B: -*Ya, pero*, no sabía que empezaba tan tarde.
20. *Es impresionante ver que muchas universidades forman a cientos de profesionales en áreas en las que no hay trabajo. Y así mucha gente está trabajando en funciones para las cuales no estudiaron y eso ha producido frustración* [exemplo adaptado dunha entrevista a un profesor chileno].
21. ¿Conque fumando?
22. A: - *Los hombres no mienten.* B: -¿Que los hombres no mienten?
23. *Dice que* qué puede hacer.
24. A: -*Tu hermano está ya casado y con dos hijos.* B: -¿Y?
25. *Hacia mucho calor. Aun así*, seguimos andando.
26. A pesar de todo, pudo llegar a tiempo al aeropuerto.
27. *Se me rompió la computadora y perdí toda la información del disco duro. Por añadidura / Por si fuera poco*, era un día antes del comienzo del congreso.
28. Por eso, rompimos nuestra amistad.

2.2. Diferenza de análise: gramática académica e estudos sobre conectores discursivos

Non hai acordo na análise destes exemplos. En concreto, detéctase un certo enfrontamento entre a nova gramática académica e os especialistas en marcadores discursivos. Unha das novidades da primeira foi a inclusión nela dos CD, mais mantendo con máis firmeza que os especialistas en marcadores discursivos a separación entre os CD e as conxuncións. Curiosamente, a firmeza académica é menor que nalgúns expertos en marcadores á hora de rexeitar como CD complexos léxicos que desempeñan funcións semellantes¹⁴. Detrás disto, sen dúbida, está a postura académica de considerar os CD como unha área marxinal da gramática (ver, máis abaixo, § 3.1).

¹⁴ Esta postura laxa da gramática académica é aínda maior nalgúns expertos en CD como Santos Río (2003), sobre todo, ou Fuentes (2009).

Para a nova gramática académica, en (12) o adverbio *entonces* funciona como un CD consecutivo (RAE-AALE 2009: 2366)¹⁵. Aínda así, *luego* é só unha conxunción ilativa en (13) (RAE-AALE 2009: 2397 e 3514)¹⁶. Non se entra nas razóns da distinta análise. Posiblemente, o criterio subxacente para consideralo como adverbio sexa a maior independencia de *entonces* fronte a *luego*, que adoita escribirse sen coma (ver § 4.1.)¹⁷. Que este non é un criterio totalmente seguro demóstrao, primeiro, que se inclúa o temporal *luego* entre os adverbios que funcionan como CD de ordenación (RAE-AALE 2009: 2359 e 2369). Segundo, que se denomine consecutivo o *luego* e partícula o *conque* (RAE-AALE 2009: 3514).

En (14) *ya que* analízase como locución conxuntiva causal en RAE-AALE (2009: 3464), así se procedeu habitualmente en Sintaxe. Con todo, para Domínguez (2007: 148-149) ou Borzi e Detges (2011), *ya que* é un CD causal, como o é *porque*. En opinión das dúas últimas investigadoras, *ya que* é un marcador polifónico coa misión de “xustificar ou lexitimar actos de falantes” (Borzi e Detges 2011: 264). En (15) (*y eso que* é unha locución conxuntiva concesiva, para a nova gramática académica ou para Montoro del Arco (2006: 259); mentres que é un CD de oposición para Domínguez (2007: 120-121). Esta locución non debe confundirse con (*y eso* (*Empezó a contar sus muchas actividades y eso*) que analiza como marcador discursivo Montoro del Arco (2006: 262-267) ou *co que* suma un argumento de maior forza negativa a outro do mesmo signo (*Adopta un silencio negativo en las reuniones y eso cuando no le da por criticar a la gente*).

En (16) *de ahí que* é unha locución conxuntiva ilativa segundo a RAE-AALE (2010: 894). Martín Zorraquino e Portolés (1999: 4072, 4103-4104) e Portolés (2007 [1998]) considéranos, en cambio, CD consecutivo. Pola súa banda, Domínguez (2007: 167-170) vea como un CD dubidoso, non porque poida ser unha conxunción, senón porque conserva a súa literalidade.

Boa proba das dificultades que presenta esta locución é que, na análise académica, *de ahí que* remite como forma máis básica a *de ahí*, que se segue situando entre as locucións conxuntivas ilativas. Ante exemplos como (29-31), a gramática académica defende con

¹⁵ Este é o mesmo parecer de Martín Zorraquino e Portolés (1999) e Portolés (2007). Admitindo esta condición adverbial, os problemas da análise de (12) non acaban aquí. *Entonces* presenta un contido anafórico que o habilita para funcionar como un sintagma condicional fáctico (‘en ese caso’, ‘siendo esto así’), representante da causa que xustifica a consecuencia que introduce (Pavón 2003: 208, n. 13). Tal contido conduce á dúbida de por qué non é un CD condicional e non consecutivo.

¹⁶ Esta análise choca coa de Domínguez (2007), que o considera CD de causalidade.

¹⁷ Seguramente, a independencia sintáctica é o criterio para tomar *así* como conxunción ilativa (*Además, cuando come no conoce a nadie, así que por favor dime qué le pasa*) (RAE-AALE 2010: 894) ou conxunción concesiva en (8). A pausa parece ser tamén a razón para que *así que* sexa, para a gramática académica, unha locución conxuntiva e *así pues*, locución adverbial e CD. Un problema desta análise é o que presentan exemplos como este do DRAE en que a conxunción *así* vai precedida doutra conxunción: *Nadie quiso ayudarle, y así tuvo que desistir de su noble empeño*. Estes exemplos son distintos destoutros nos que poden concorrer dúas conxuncións (*Dice que si viene tu hermano*) ou unha conxunción e outro complementante, neste caso, un interrogativo coma nos exemplos (22-23). A pesar das diferenzas, a impresión que se ten é que se é unha conxunción éo de xeito máis débil (cfr. Demonte e Fernández Soriano 2007).

boas razóns que a locución é realmente *de ahí* e que a conxunción *que* introduce unha subordinada en función de suxeito, polo que non formaría parte da locución ilativa:

29. *Le dijeron que tenía que repetir el trabajo, de ahí su enfado.*

30. *De ahí, que muchos, cuando se encuentran en presencia de un rostro nuevo, es como si de pronto, tuvieran ante los ojos un mapa* (RAE-AALE 2010: 894).

31. *En aquellos meses de verano apenas si pensó en algo más, de ahí se sigue que aceptara el papel de esperar* (RAE-AALE 2010: 894).

A análise convéncenos, o que nos custa máis traballo é aceptar que *de ahí* sexa unha locución conxuntiva. Máis ben parece unha locución desas que as academias consideran adverbiais e que funcionan como CD, maiormente se despois marcamos unha pausa, como no pouco normativo (21).

Nos exemplos (12-16), que acaban de examinarse, obsérvase a xa aludida diferenza entre académicos e expertos en marcadores discursivos. Fronte á tendencia dos gramáticos a limitar a extensión dos CD verbo das conxuncións, érguese o expansionismo dos segundos. Como se viu tamén, tal posición por parte dos gramáticos non supón un rexeitamento da categoría de CD. Máis ben sucede todo o contrario. Na súa renovada gramática, as Academias non só contemplan os CD, senón que afirman que algúns, como clase transversal, poden ser tamén conxuncións (RAE-AALE 2010: 595). É grande o número de *expresiones que pueden caracterizarse como conectores discursivos* (RAE-AALE 2009: 2357)¹⁸.

Así pois, as conxuncións son simultaneamente CD cando funcionan como *enlaces extraoracionales* (RAE-AALE 2009: 2405)¹⁹. É o que acontece en exemplos como (17) e (18), en que *pero* inicia un enunciado independente que funciona como reacción ante unha información implícita.

Para (17) e (18), a nova gramática académica sinala que '*pero*' se usa como *conector discursivo* (RAE-AALE 2009: 2454). O mesmo podería dicirse de *y* ou *o* en exemplos como:

32. *A: -Los compañeros quieren cambiar la fecha del examen. B: -¿Y qué quieres que haga?*

33. *Si esto no dijo (...), no es culpa mía, sino de él... O será culpa de los dos* (RAE-AALE 2009: 2447).

En (17-18) e en (32-33), a gramática académica cre que *y*, *o*, *pero* funcionan como CD e como conxuncións (RAE-AALE 2009: 2399 e 2454).

¹⁸ É interesante na cita o emprego do termo Expresión pola continuidade dunha vella tradición académica (Gómez Ascencio 2004: 14) e pola imprecisión que reflicte á hora de referirse a UUFF, neste caso, as locucións que funcionan como conxunción ou CD (ver, arriba, § 1.2.1).

¹⁹ O termo procede de S. Gili Gaya e recupérou deste modo esporádico a gramática académica. É un exemplo máis da fermosa tendencia do máximo responsable da nova gramática académica, I. Bosque, de recuperar vellos termos da nosa tradición. Tamén é signo de que a terminoloxía non está completamente fixada.

Non sabemos se o *pero* de (19) entraría neste grupo de conxuncións CD, dado o seu carácter anómalo. Entre pausas e equivalendo ao CD contraargumentativo *sin embargo*, non parece moi afastado do *pero* adverbial arcaico (Seco 2011 [1961]: 467).

Deixando á parte este exemplo, parece que para as academias e moitos outros a ruta que leva as conxuncións aos CD é a función extraoracional. Como veremos, non é este o camiño principal cara aos CD para os académicos, nin un camiño moi seguro. Testemuñao o feito de que no *conque* de (21) RAE-AALE (2010: 517) só ve conxunción ilativa e non tamén CD, malia o seu evidente carácter extraoracional.

Por outra banda, (21) serve de transición entre os usos extraoracionais e pragmáticos dunha conxunción (22-24). No caso de *conque*, estes usos pragmáticos baséanse nas instrucións que contén para procesar como marcado afectivamente (pola ironía ou a sorpresa) o enunciado que introduce.

Ante exemplos como (21) ou (24), a gramática académica sostén que o valor de conector da conxunción

se atenúa en estos contextos, de forma que las expresiones que introduce pueden expresar reticencia, ironía o contrariedad, entre otros valores (RAE-AALE 2009: 2405).

O recoñecemento deste fenómeno non conduce ás academias a analizar, como entidade propia nin en relación co problema taxonómico que nos ocupa, estes usos pragmáticos das conxuncións, nos que se modalizan e se afastan do seu emprego habitual conectivo (10-13) (Porroche 2003; Martín Zorraquino 2010: 115-120)²⁰.

En (22-23) atopámonos ante eses exemplos nos que adoitan reparar os cultivadores da hipótese cartográfica (Escandell 2012: 642). Segundo esta hipótese, a conxunción *que* sitúase na periferia esquerda do enunciado dende a que realiza funcións pragmáticas que orientan verbo da intención do falante. Significativamente, Demonte e Fernández-Soriano (2007) evitan o termo conxunción en favor do de partícula, nun importante estudo dedicado a esta.

Os problemas continúan nos últimos exemplos da lista (25-28). Con todo, nestes obsérvase unha maior tolerancia nas academias á hora de admitir os CD. En (25) *aún así* é un CD concesivo para a RAE-AALE (2009:2364), a pesar de conservar certa composicionalidade e de que esta clase de CD non existe en moitas taxonomías dos CD, o que non parece importarlles aos académicos.

O estatuto de *a pesar de que* tamén é complexo. Para García Negroni e Ramírez Gelbes (2010: 927), *a pesar de que* é un conector propio dos discursos transgresores. De maneira

²⁰ Se a idea de que as conxuncións se converten en CD cando funcionan como ligazóns extraoracionais suscita, como se verá, en nós reserva, coincidimos coa postura académica de que en (10-13) non se fale de CD. Ao ser o eido da conxunción un só membro discursivo, se se converteu nun marcador discursivo, só pode ser nun operador pragmático. A semellante conclusión chega Alarcos (1994: 230) cando, referíndose, a exemplos con *y* ou *ni* (*Pepi, ¿y mamá?; Iban con mucha prisa. Ni se detuvieron un momento*), sostén que as conxuncións “se convierten en unidades enfáticas con función adverbial”.

semellante Montolio (2001: 54) consideráralo dentro dos CD contraargumentativos, como unha expresión (ou secuencia) conectiva especializada en introducir argumentos débiles. Máis complexa é a postura da nova gramática académica. Para esta, *a pesar de todo*, que vemos en (26), é un CD parcialmente lexicalizado (RAE-AALE 2010: 374) que, se cadra por isto, non aparece na relación de CD (RAE-AALE 2009: 2361). Pola súa parte, *a pesar de* analízase como locución prepositiva nas construcións concesivas. Esta distinta análise de *a pesar de todo* e *a pesar de* non é necesariamente contraditoria, porque non son estritamente a mesma forma e porque sempre é posible apelar á transversalidade dos CD. Máis contraditorio é que *a pesar (de)* se califique de locución conxuntiva no DRAE, da mesma maneira que *pese a*. Neste *Diccionario panhispánico de dudas de la lengua española*, tamén académico, fálase máis prudentemente só de locución, sen adxectivos.

En (27), a gramática académica inclúe *por añadidura* e *por si fuera poco* entre os conectores discursivos que introducen información engadida á xa presentada (RAE-AALE 2009: 2362). Martín Zorraquino e Portolés (1999: 4096-4097) só consideran o primeiro entre os CD aditivos. Este é o mesmo parecer de Fuentes (2009: 260-261), quen, con todo, admite o *por eso de* (28) como CD consecutivo “incompletamente gramaticalizado”. Tamén o recollen no seu dicionario de partículas Briz, Pons e Portolés (coords.) (2000). Nin na gramática académica nin en Martín Zorraquino e Portolés (1999) aparece na nómina dos CD.

2.3. A análise de *pues*

Para concluír o exame do problema da separación de conxuncións e CD a través destas análises, queríamos deternos nalgúns exemplos de *pues*. Facémolo porque é a única conxunción recollida no inventario académico dos conectores discursivos adverbiais; pero é unha inclusión enganosa, porque o que escolle non é a conxunción senón o adverbio *pues*.

Efectivamente, nesta partícula, distínguense o adverbio e a conxunción²¹. Pola súa tonicidade e posición parentética, o adverbio *pues* adoita considerarse maioritariamente, entre os que falan deles, como un CD consecutivo (34):

34. *Está nevando fuera, no podremos, pues, salir a pasear.*

Aínda que non se declare, esta análise do *pues*, tónico e parentético, como adverbio e como CD parece fundamental na postura académica de relacionar adverbiais e CD.

Verbo de *pues* conxunción, cómpre distinguir entre os seus usos causais explicativos (35) e ilativos (36-37). Nos segundos, os lazos sintácticos aos que dá lugar debilítanse progresivamente e pásase do oracional ao discursivo, de modo significativo cando inicia unha reacción nunha intervención conversacional.

35. *Animála, pues acaban de darle una mala noticia.*

²¹ No DRAE non se segue a distinción, pero fálase tamén dun *pues* interxectivo para estes empregos enfáticos nos que introduce un enunciado independente (*¡Pues, lo que yo había dicho! ¡Pues, se salió con la suya!*).

36. *Si no estás de acordo, pues vete.*

37. *A: -He estado tomando un café con Beatriz. B: -¡Pues antes no podías ni verla!*

En (38) *pues* establécese unha relación entre o tópico, que funciona tamén como suxeito, e o seu comentario, ao que enfatiza (RAE-AALE 2009: 3524):

38. *A: -¿Qué tal tu hijo? B: -El chico, pues, intentando abrirse camino.*

Existe vacilación e imprecisión terminolóxicas na análise de exemplos como os de (36-38). Así pódense escoitar ou ler *conector (discursivo) ou partícula*. A RAE-AALE (2009) alternan a denominación de *partícula ilativa* coa de *conxunción ilativa*. Os editores do Archivo Gramatical de la Lengua Española de Salvador Fernández Ramírez (AGLE, <http://cvc.cervantes.es/lengua/agle/>) denomínanlo *partícula conectiva* e analízano como CD. Como vemos, algunhas cousas non cambiaron en séculos (ver, arriba, § 1.2.1), por algo será.

3. Causas

O exame que realizamos proporcionounos as suficientes evidencias de que estamos ante un problema, tamén as pistas para a súa comprensión. Identificado o problema, cómpre profundar máis na realidade factual sobre a que se fundan as categorías de conxunción e CD, así como no modo de coñecelas. Por iso, falaremos dos factores lingüísticos e metalingüísticos do problema. De paso, faremos un balance do que observamos en § 2.

3.1. Factores lingüísticos

As dificultades á hora de distinguir entre conxuncións e CD debenlle moito á indubidable intersección entre ambas categorías. Esta intersección prodúcese, en primeiro lugar, pola semellanza estrutural das relacións de coordinación e cosubordinación dentro das oracións compostas e as que se dan entre os enunciados independentes que se suceden no discurso (cfr. López García 1994: 30; Garrido Medina 2009: 227-233). Unha manifestación moi clara desta semellanza e das súas consecuencias na distinción entre as dúas clases é o concepto de conxunción na gramática sistémica como procedemento de cohesión, non como clase sintáctica (Halliday 1994[1985]: 310).

Á semellanza dalgunhas relacións oracionais e as extraoracionais súmase outro factor para escurecer aínda máis as cousas. Como consecuencia da natureza mixta, entre a gramática e a pragmática, dos enunciados (López García 1994: 12), dáse nestes a superposición das relacións sintácticas sobre as pragmático-discursivas. Isto tradúcese en que un mesmo constituínte poida funcionar en ambos niveis.

É o que cremos que ocorre con algunhas das unidades obxecto da nosa análise, claros exemplos de polifuncionalidade sintagmática. Detrás das discrepancias nas análises de § 2.2., sentimos este feito. *Ya que* en (14) é un bo exemplo. Ademais de introducir un adxunto periférico (función sintáctica), presenta este como un argumento que xustifica a enunciación do primeiro membro (función pragmático-discursiva). Outro exemplo é o da locución conxuntiva condicional *a menos que*:

39. *No asistiré a menos que me lo pidan.*

En (39) *a menos que* tamén introduce un adxunto periférico, pero, ao mesmo tempo, comunica que a condición que introduce constitúe un requisito imprescindible. En § 4.1 hase de tratar este asunto con motivo do significado procedemental de CD e conxuncións léxicas.

Non sempre se produce a superposición que dá lugar á polifuncionalidade sintagmática, senón a xuxtaposición de unidades e funcións como en (40) con *pero* e *sin embargo*, onde o segundo realiza un comentario sobre a primeira:

40. *No parecía que su lesión fuera muy importante, pero sin embargo le va a impedir jugar* (CREA).

Exemplos como (40) constituíron un argumento clásico para diferenciar conxuncións e CD, así como para defender que a función primaria dos CD non é a conectora (Portolés 2007[1998]: 31). Con todo, non pode deixar de comentarse cómo estes CD poden chegar a substituír a conxunción á que acompañan funcionando como esta:

41. *No parecía que su lesión fuera muy importante, sin embargo, le va a impedir jugar.*

Esta é a orixe das conxuncións adversativas *más, pero* ou *sino*, historicamente adverbiais (Espinosa 2010: 281, 288).

Tampouco pode obviarse o caso de presuntas conxuncións como *así* combinadas con outra conxunción como en (42) na posición propia dos CD, o que compromete a análise como conxunción da primeira, ao ocupar a posición propia do CD:

42. *Nadie quiso ayudarlo y así tuvo que desistir de su noble empeño* (ver, arriba, n. 17).

O que acaba de dicirse con motivo de (41) conduce a unha nova causa lingüística das dificultades relativas á distinción entre conxuncións e CD. Trátase da inestabilidade estrutural do sistema lingüístico que se manifesta, no noso caso, na permeabilidade das fronteiras entre as categorías do complexo de § 2.1. Tras esta borrosidade dos límites, descóbrese o movemento de unidades que se afastan do centro da súa categoría para se achegaren ao doutra, que exerce de *atractor*, se se nos permite este emprego analóxico do termo matemático.

Aquí hai que falar das rutas do cambio lingüístico. Algo se dixo en §1.2.2 con motivo das locucións que poden ser CD e conxuncións. A nosa opinión, coincidente coa da nova gramática académica, é que a ruta fundamental para a creación de CD non son as conxuncións, senón os adverbiais (volveremos a isto en § 4.3). Xa sexan adverbios, xa sexan, maioritariamente, sintagmas libres que, en virtude do seu carácter anafórico (RAE-AALE 2009: 2366-2367. Cfr. Rodríguez Ramalle 2005: 75) e despois dun proceso de fraseoloxización, cumpren funcións cohesivas de deixe discursiva.

Que os adverbiais sexan a ruta privilexiada ilumina o referido escaso interese da gramática académica polas conxuncións que funcionan como CD e que na nova

gramática das Academias alternen como sinónimas as denominacións de CD e de *conectores discursivos adverbiales*²².

Moitas conxuncións e locucións conxuntivas teñen tamén unha orixe adverbial total (*si, luego, pues*) ou parcial (*ya que, antes que, siempre que...*). Aínda así, o destino en ambas rutas é diferente como estamos intentando amosar, así como o maior grao de conclusión do cambio nas conxuncións.

3.2. Factores metalingüísticos

Como categorías metalingüísticas, conxuncións e CD son construtos teóricos que xurdiron a partir dunha intuición fundada nunha realidade cunha complexidade en gran medida mental que xa coñecemos. Esta intuición categorizadora, que xorde e se desenvolve dentro dunha tradición, supón fixarse nalgúns aspectos do universo de mostras considerado e deixar fóra outros. Ás consecuentes diferenzas de postura que disto se derivan hai que engadir a distorsión que experimenta necesariamente toda intuición cando se transforma nunha categoría teórica. Por se for pouco, a actuación dos investigadores está mediatizada por séculos de confusión terminolóxica. *Conjunción, partícula* (estudada por Haßler 2011), *CD, conector, enlace* ou *nexo* foron sempre termos afectados por unha notable indefinición, que serviron non só de axuda, senón tamén de obstáculo no traballo gramatical rigoroso²³.

4. Proposta de solución

Chegamos á hora da verdade, a da definición de conxunción e CD. Se unha definición é *una proposición que expone con claridad y exactitud los caracteres genéricos y diferenciales de algo* (DRAE), esta definición debe establecer límites entre ambas categorías para que sexan ferramentas seguras e estables en análises. O reto é facelo sobre unha realidade, lingüística e metalingüística, tan endiañadamente complexa que empurra a confundir o que nós precisamos separar.

Para isto o medio non pode ser outro que unha definición *modesta*, que non oculta a súa limitación, pero tampouco a súa aspiración de proporcionar ideas claras e distintas (ver, arriba, § 1.2.1). A súa modestia vén obrigada por dúas razóns. Por un lado, depende dun marco teórico e do prototipo dende o que se analizan e axustan os feitos. Por outro, é unha definición factorial constituída por un feixe de criterios graduais. É o que sucede en calquera categoría, fóra das ciencias formais, sobre todo, das ciencias do home. En

²² Esta sinonimia está ligada á afirmación académica de que o estudo dos CD afecta unicamente *de modo tangencial a la gramática (en cuanto que no se considera objetivo de esta disciplina la descripción del léxico), pero es sumamente pertinente para analizar la estrecha relación que existe entre la gramática y el diccionario* (RAE-AALE 2009: 2357). Percíbese aquí o interese académico por separar conxuncións e CD e, por outro lado, a súa despreocupación por marcar o límite entre as locucións que funcionan como CD e as combinacións léxicas menos convencionalizadas, próximas a estas.

²³ Á ambigüidade orixinaria do termo *conjunción* (§ 1.1) e das locucións que funcionan como CD e conxuncións (§ 1.2.1), hai que sumarlle o seu emprego especial en influíntes autores e escolas, p.e., a gramática sistémica de Halliday, como se indicou no subapartado. Recordemos que inicialmente as conxuncións *y, pero, pues...* foron os CD prototípicos (Portolés 2007 [1998]: 51), cousa que agora, dende logo, non se pensa (Briz 2011: 86).

canto se descende ao mundo dos fenómenos, é unha evidencia o principio cognitivista de que, xunto aos prototipos, existen os malos exemplos e subclases fronteirizas.

Feita esta declaración, relevante só na medida en que limita o alcance da nosa proposta, o suposto de partida é que, sendo ambos conectores (ver § 4.2), a conxunción constitúe unha clase sintáctica, polo tanto, gramatical; e os CD, unha clase discursiva (ou funcional), consecuentemente, pragmagramatical (ver Martí Sánchez 2011a). De aquí derivanse as propiedades que aparecerán no esquema do próximo subapartado e a relación dos CD cos adverbiais (ver § 4.3) e, na que destaca polo seu valor distintivo a independencia sintáctica e fónica. Coas limitacións derivadas da modestia desta caracterización, o conxunto formado polo suposto de partida e mais estas propiedades conforma unha categoría coherente que ordena e dá sentido suficiente á maioría das mostras.

4.1. Criterios distintivos

Dende estes presupostos, asignamos a cada categoría un conxunto de propiedades distribucionais, semánticas e funcionais, que representamos no esquema da figura 2.




Figura 2

Os CD constitúen unha clase pragmatogramatical. Isto advirte dunha insuficiente fixación e, polo tanto, de posibles problemas de indeterminación de inventario. Dada a condición sintáctica das conxuncións, a súa lista é máis precisa, aínda que non debemos ignorar as dificultades de fixar tamén o paradigma das conxuncións léxicas. Como vimos insistindo, os dous problemas de identificación son en gran medida debedores do feito de que a maioría dos CD e conxuncións léxicas son locucións.

De todas estas propiedades e malia o que observamos en § 2.2 con motivo de *entonces*, *luego* ou *de de ahí que*, a de aplicación máis evidente e, polo tanto, máis concluínte para a discriminación entre unha e outra categoría é a que xira en torno á independencia fónica e sintáctica das distintas mostras. A integración destas co membro que introduce é indicio claro de que é conxunción; o illamento, de que é CD²⁴. Ambas propiedades únense ao carácter átono da primeira e ao tónico dos CD.

As conxuncións pertencen á sintaxe, mentres que os CD é unha categoría pragmatogramatical. De aquí derivanse outras importantes consecuencias sobre a identidade de ambas as dúas categorías, pero tamén sobre a súa fronteira, cunha interrelación que garante, entre todas as propiedades, a forza entre estas do criterio de independencia sintáctica e fónica, e o suposto de partida sobre a distinta natureza de ambas categorías.

As conxuncións funcionan no ámbito da oración, a unidade sintáctica por excelencia e representación do suceso que conforma a proposición semántica. Deste xeito, as relacións que establecen son as propias da sintaxe, a coordinación e, sobre todo, a dependencia. Aínda que isto suscite algún conflito coas preposicións (ver, arriba, n. 11), xa sabemos que as conxuncións máis claras son as que interveñen na relación de dependencia, que, non por casualidade, se circunscribe aos límites oracionais sen invadir posiblemente o do enunciado oracional, onde caben tamén os constituíntes periféricos.

Pola contra, cando as conxuncións dan lugar a relacións de coordinación e cosubordinación (ver, máis arriba, n. 12), xorde o conflito cos CD. Sobre todo, se a conexión se produce entre enunciados independentes. Este problema pode resolverse se a relación conxuntiva se describe, nestes casos, en termos formais, os máis propios da sintaxe; e se se describe a relación dos CD, pragmática e discursivamente, como ben sinala Montoro del Arco (2006: 249-250). A este respecto, a relación argumentativa é fundamental (ver, arriba, § 2.1).

²⁴ A pesar do comentado en § 2.2, este criterio é válido ata cando o CD se integra por medio da completiva *que* (*Encima, que me calle; Haz lo quieras, ahora, que no cuentes con mi apoyo*), pois entre CD e conxunción existe unha pausa, inexistente nas locucións conxuntivas con *que*: *La coherencia que da origen a los conceptos verbales (incluyendo palabras y oraciones) es el resultado de una selección darwiniana supuesto que las muchas asociaciones que se establecen compiten entre sí y son seleccionadas solo las de más calidad* (CREA). Que tras o CD haxa unha pausa se cadra reflicte que os libera dunha función conectiva, e iso axudaría, sen dúbida, a distinguilos das conxuncións. Non é nada seguro, con todo, que este sexa un bo argumento. Na alternancia construcións asindéticas / sindéticas, a pausa na xuxtaposición parece desempeñar unha función semellante á da conxunción (Espinosa 2010: 255-256). Isto é certo, pero tamén o é que cando a conxunción se combina con CD, non aparece tras este (na pausa), senón diante del.

Desa condición pragmagramatical dos CD dedúcese tamén a conservación parcial dun contido conceptual orixinario que o habilita para transmitir contidos interpersoais. Neste residuo conceptual, radica gran parte das instrucións dos CD que caracterizan o seu significado procedemental. Ademais, é unha posible pista sobre o seu carácter adverbial (§ 4.3).

Tamén as conxuncións son signos procedementais, pero a gradualidade sinalada hai un momento maniféstase no modo no que esa condición varía segundo o tipo conxuntivo do que se trate (3-8). A procedementalidade non é igual nas conxuncións funcionais que actúan como complementantes, en conxuncións como *pero*, exemplo típico de implicatura convencional, ou nas conxuncións léxicas. Nestas últimas, sobre todo, cando a conxunción léxica é unha locución conxuntiva que constitúe a forma marcada dunha oposición (p.e., a que se dá entre as causais *porque* e *conque*) e que dá lugar a relacións de coordinación e cosubordinación.

Nas conxuncións léxicas obsérvase un contido da mesma natureza có descrito nos CD, onde as instrucións que caracterizan o seu significado procedemental dependen bastante do contido conceptual que quedou como residuo. Podémolo ver en (43), onde a locución conxuntiva *siempre que* introduce *un requisito que debe satisfacerse para cumprir cierto estado de cosas considerado posible, factible o deseable* (RAE-AALE 2010: 913):

43. *Podrán ir a la fiesta, siempre que dejen arregladas antes sus habitaciones.*

Estas conxuncións e locucións conxuntivas que comparten cos CD este contido procedemental con residuo conceptual non son as conxuncións que funcionan como ligazón extraoracional (arriba, § 2.1). Por outra banda, seguen sendo unidades integradas no enunciado no que se insiren. Ambos os dous datos favorecen a distinción conxunción / CD no terreo dos feitos concretos.

4.2. A condición conectora de conxuncións e conectores discursivos

Conxuncións e CD son conectores, pola súa condición de marca dunha determinada relación entre dous segmentos e a súa capacidade de habilitala. Verbo desta última, case nunca nin unhas nin, sobre todo, outros son condición necesaria para a existencia da relación, como manifesta a existencia do asíndeto e a xuxtaposición. A existencia de ambas é un poderoso argumento para xustificar conxuncións e CD pola necesidade de guiar a tarefa interpretativa do destinatario nos casos nos que o emisor sente que debe ser máis explícito.

Como xa falamos da distinta natureza das relacións asociadas a conxuncións e CD, queremos dicir algo sobre a posición de ambos nas construcións das que forman parte. Seremos moi breves.

Na sintaxe formal, as conxuncións que se recoñecen como tales (ver, arriba, n. 11) son núcleos funcionais do seu sintagma. Existen bos argumentos para admitilo. En cambio, os CD e as conxuncións debilmente conectoras como as dos exemplos (22-23) sitúanse na periferia esquerda do membro que introducen (cfr. Rodríguez Ramalle 2005: 76, 83 e

87). Dende tal posición de inciso, os CD realizan unha dobre función en relación cos dous membros cun procesamento conxunto que esixe para dar lugar a unha función superior descrita en termos argumentativos. Co primeiro membro, a relación determínase grazas á deixé discursiva que establece pola súa condición anafórica. O segundo modifícao mediante un contido procedemental derivado do significado conceptual orixinario, que o faculta para a transmisión de contidos intersubxectivos (ver, arriba, § 4.1).

4.3. Conectores discursivos e locucións adverbiais

O último asunto que nos queda é a relación entre os CD e os adverbiais, especialmente sentida pola nova gramática académica e non tanto, dende logo, polos gramáticos do texto nin polos expertos en marcadores discursivos. Se os primeiros sentiron a relación entre os CD e a conxunción, os expertos en marcadores defenden a independencia dos CD como categoría discursiva funcional (ver, arriba, § 1.1). Semellante foi o proceder dos fraseólogos, do que é proba o concepto xa referido de locucións marcadoras (ver, arriba, § 3.1).

Detrás das dúas posicións subxacen dúas razóns. A primeira é que quen fala de locucións marcadoras considera no seu conxunto todos os marcadores discursivos (Montoro del Arco 2006: 250-256): isto favorece a idea do carácter pouco definido da clase e, ao mesmo tempo, a necesidade de constituír con esta unha clase locucional e así controlala (Montoro del Arco 2006: 158-169). Fronte a estes, a nova gramática académica só se centra nos CD: isto favorece, dende logo, un tratamento máis unitario que permita relacionalos con algunha clase sintáctica dada a condición que teñen de clase transversal (ver, arriba, § 1.1). A segunda razón estriba, xustamente, en que os fraseólogos postuladores das locucións marcadoras non manexan esta categoría de clase transversal.

Naturalmente, é imposible terzar na relación entre os CD e os adverbiais sen unha definición rigorosa da categoría adverbial e, a partir desta, das locucións adverbiais. Para os académicos, os adverbios carecen de flexión e modifican outras categorías (RAE-AALE 2010: 575). Tal postura é apta para cubrir *la gran versatilidad sintáctica del adverbio y la considerable heterogeneidad que presentan sus variedades* (RAE-AALE 2010: 575). Aínda así, é insuficiente para incluír os CD nos adverbiais.

Para conseguilo, hai que recorrer a propostas máis comprensivas do adverbio como as de Greenbaum e Quirk (2005:190) ou Fuentes (1987a e b), nos que caben os adverbios conxuntivos como o do exemplo (12), dentro da categoría de *adverbios de frase*.

O problema é que esta solución é altamente circular. Posto que os adverbios conxuntivos son o mesmo que os CD, os adverbios conxuntivos presentan loxicamente as propiedades destes. Ademais de circular, a solución non permite ningún avance, pois condúcennos ao punto no que nos atopamos verbo dos elementos que teñen en común conxuncións e CD. O único bo é que a propia etiqueta (adverbio conxuntivo) achega os CD aos adverbios e afástaos da categoría, as conxuncións, da que queremos separar. Ende mal, é todo o que podemos dicir.

5. Final

Estas páxinas escribíronse dada a necesidade de *distinguir, clasificar e nomear* as expresións examinadas representadas polas mostras (3-8 e 12-28). A mellor opción que atopamos foi manter o vello termo de conxunción e o novo de CD, como os atractores en torno aos que se ordena o continuo da figura 1.

Para isto houbo que realizar un notable esforzo, tendo en conta que conxunción e CD son termos que padecen unha ambigüidade inicial, que non sorprende dada a súa orixe intuitiva e o entrecruzamento no que se formularon, cunha complexidade que aumentaron os avances actuais en Sintaxe, Análise do discurso ou Pragmática.

O exame das causas lingüísticas e metalingüísticas do problema levounos a propoñer como solución unha caracterización factorial das categorías da conxunción e os CD. Nas propiedades que se lle atribúen a cada unha, segue sendo a dependencia ou a independencia, fónica e sintáctica, o criterio distinguidor máis evidente. Nisto coincidimos todos, pero neste escrito defendemos tamén diferenzas na natureza da conexión á que dan lugar. Aquí xa non atopamos o mesmo apoio, porque hai moitos que senten que as relacións de coordinación e cosubordinación oracionais e extraoracionais son semellantes (Cuartero 2002: 31). En consecuencia, dende esta perspectiva, non inflúe na natureza da relación que a represente unha conxunción ou un CD.

As diferenzas no contido de ambas as dúas clases, unha sintáctica e a outra pragmagramatical, serviunos para sentir con máis forza a relación entre os CD cos adverbais, pero non para diferenciarlos das conxuncións máis marcadas e léxicas, que son case sempre locucións.

Este artigo preséntase nunha revista de Fraseoloxía. Aínda que as UUFF non foron o seu foco de atención, é imposible ocuparse de conxuncións e CD sen ter en conta as UUFF, posto que a maioría de CD e conxuncións son locucións. Así o sentiron moitos fraseólogos (Ruiz Gurillo 2010). Este feito ten que ver coas rutas constitutivas de ambas as dúas clases, así como co contido de CD e dalgunhas conxuncións. Estas importantes coincidencias, con todo, non conducen á fusión de ambas clases, senón á súa posible separación.

6. Referencias bibliográficas

- ASCHENBERG, Heidi e LOUREDA, Óscar (eds.) (2011): *Marcadores del discurso: de la descripción a la definición*. Madrid: Iberoamericana-Vervuert.
- AUROUX, Sylvain (1992): “Appendice: Les parties du discours et leurs critères” en *Histoire des idées linguistiques*, 2. Lieja: Mardaga; 581-589.
- BARRENECHEA, Ana María (1969): “El pronombre y su inclusión en un sistema de categorías semánticas” en BARRENECHEA, Ana María e MANACORDA Mabel V. (eds.): *Estudios de gramática estructural*, Buenos Aires: Paidós, 27-70 [<http://www.biblioteca.org.ar/libros/300151.pdf>]. [4.11.2011].
- BORREGUERO, Margarita e LÓPEZ SERENA, Araceli (2011): “Marcadores discursivos, valores semánticos y articulación informativa del texto: el peligro del enfoque lexicocentrista” en ASCHENBERG, Heidi e LOUREDA, Óscar (eds.); 169-210.

- BRIZ, Antonio; PONS, Salvador e PORTOLÉS, José (coords.) (2000): *Diccionario de partículas discursivas del español*. [<http://www.textodigital.com/P/DDPD/>]. [22.12.2012].
- BOSQUE, Ignacio (1997): *La búsqueda infinita: sobre la visión de la gramática en Salvador Fernández Ramírez. Discurso de ingreso en la RAE* [[http://www.rae.es/rae/gestores/gespub000001.nsf/\(voAnexos\)/arch1B73167E0ECFA765C125714700389E0D/\\$FILE/bosque.htm](http://www.rae.es/rae/gestores/gespub000001.nsf/(voAnexos)/arch1B73167E0ECFA765C125714700389E0D/$FILE/bosque.htm)]. [29.12.2012].
- BOSQUE, Ignacio e GUTIÉRREZ-REXACH, Javier (2008): *Fundamentos de sintaxis formal*. Madrid: Akal.
- BORZI, Claudia e DETGES, Ulrich (2011): “*Ya que*, un marcador polifónico” en ASCHENBERG, Heidi e LOUREDA, Óscar (eds.); 263-281.
- BRIZ, Antonio (2011): “Lo discursivo de las partículas discursivas en el Diccionario de partículas discursivas del español (DPDE)” en ASCHENBERG, H. e LOUREDA, Ó. (eds.) (2011); 77-108.
- CALERO VAQUERA, M. L. (1986): *Historia de la gramática española; 1847-1920*. De Bello a Lenz. Madrid: Gredos.
- COLOMBAT, Bernard (1988): “Présentation: Éléments de réflexion pour une histoire des parties du discours” en *Langages* 92; 5-10.
- (1999): “Les tribulations de la terminologie grammaticale latine: spécialisation, adaptation, déformation, (re)motivation” en *La terminologie linguistique (Mémoires de la Société de Linguistique de Paris VI)*, Lovaina: Peeters; 69-97.
- COLOMBAT, Bernard e MARIE SAVELLI (eds.) (2001): *Métalangage et terminologie linguistique, Orbis supplementa 17*, Lovaina: Peeters.
- CONTI, Luz (2012): “Los adverbios conjuntivos en griego antiguo. Análisis de ἄμα en Homero, Platón y Jenofonte” en *Emérita, Revista de Lingüística y Filología Clásica* LXXX 1; 45-68.
- CUARTERO SÁNCHEZ, Juan Manuel (2002): *Conectores y conexión aditiva. Los signos incluso, también y además en español actual*. Madrid: Gredos.
- DEMONTÉ, Violeta e FERNÁNDEZ SORIANO, Olga (2007): “La periferia izquierda oracional y los complementantes del español” en CUARTERO, Juan e EMSEL, Martine (eds.): *Vernetzungen: Kognition, Bedeutung, (kontrastive) Pragmatik*. Frankfurt am Main: Peter Lang [http://www.uam.es/personal_pdi/filoyletras/fsoriano/perif.pdf]. [25.2.2013].
- DESCARTES, René (1644): *Les Principes de la Philosophie*. [http://fr.wikisource.org/wiki/Les_Principes_de_la_philosophie]. [22/11/2013]
- DOMÍNGUEZ GARCÍA, María Noemí (2007): *Conectores discursivos en textos argumentativos breves*. Madrid: Arco/ Libros.
- ELVIRA, Javier (2009): *Evolución lingüística y cambio sintáctico*. Bern: Peter Lang.
- ESCANDELL-VIDAL, Victoria (2012): “Speech Acts” en HUALDE, José Ignacio OLARREA, Anxon e O’ROURKE, Erin (eds.) (2012): *The Handbook of Hispanic Linguistics*. Malden: Wiley-Blackwell; 609-652.
- ESPINOSA ELORZA, Rosa María (2010): *Procesos de formación y cambio en las llamadas ‘palabras gramaticales’*. S. Millán de la Cogolla: Cilengua.

- ESTELLÉS ARGUEDAS, María (2009): *Gramaticalización y gramaticalizaciones. El caso de los marcadores del discurso de digresión en español*. Tese doutoral dirixida por S. Pons. Valencia: Universidad de Valencia. [<http://tdx.cat/bitstream/handle/10803/9830/estelles.pdf?sequence=1>]. [28.10.2010].
- FUENTES RODRÍGUEZ, Catalina (1987a): *Enlaces extraoracionales*. Sevilla: Alfar.
- (1987b): “El Adverbio de Frase” en *Revista Española de Lingüística Aplicada* 3, 1987; 55-74
- (2009): *Diccionario de conectores y operadores del español*, Madrid: Arco/ Libros.
- GARCÍA IZQUIERDO, Isabel (1998): *Mecanismos de cohesión textual: los conectores ilativos en español*. Castellón de la Plana: Universidad Jaime I.
- GARCÍA NEGRONI, María Marta e RAMÍREZ GELBES, Silvia (2010): “Falsos gerundios: una mirada desde la Teoría de los Bloques Semánticos” en CASTEL, Víctor M. e CUBO DE SEVERINO, Liliana (eds.) (2010): *La renovación de la palabra en el bicentenario de la Argentina. Los colores de la mirada lingüística*. Mendoza: Editorial FF y L, UN de Cuyo; 925-931 [http://mendoza-conicet.gob.ar/institutos/incihusa/ul/csal12/Negroni_y_Gelbes_71_CSAL12.pdf]. [3.11.2011].
- GARCÍA ROMERO, Fernando (1999): “Sobre la etimología de ‘paroimia’” en *Paremia* 8, 1999; 219-223.
- (2001): “Varia Paroemiographica Graeca”. *Cuadernos de Filología Griega* 11, 2001; 241-253.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Barcelona: Anthropos.
- GARRIDO MEDINA, Joaquín (2009): *Manual de lengua española*, Madrid: Castalia.
- GEERAERTS, Dirk (1997): *Diachronic Prototype Semantics. A Contribution to Historical Semantics*. Oxford/New York: Clarendon Press Oxford.
- GÓMEZ ASENCIO, José Jesús (1981): *Gramática y categorías verbales en la tradición española 1771-1847*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- (2003): “El modelo Delante de, Cerca de en la tradición gramatical española” en *Estudios de Lingüística de la Universidad de Alicante* 17, 2003; 329-343.
- (2004): “Conjunciones, conjunciones compuestas y locuciones conjuntivas en antiguas gramáticas del español” en *Revista Española de Lingüística* 34.1, 2004; 1-38.
- (2006): “El tratamiento de los adverbios nominales en la tradición gramatical española” en *Filología y Lingüística: Estudios ofrecidos a Antonio Quilis*, 2. Valladolid: MEC, CSIC, UNED y Universidad de Valladolid, 1763-1778.
- HALLIDAY, Michael e KIRKWOOD, Alexander (1994 [1985]): *An introduction to Functional Grammar*. London: E. Arnold2.
- HÄBLER, Gerda (2011): “Adverbios españoles, marcadores discursivos alemanes: ¿un problema terminológico o un desafío para la lingüística contrastiva?” en ASCHENBERG, Heidi e LOUREDA, Óscar (eds.) (2011); 247-262.
- HJELMSLEV, Louis (1974[1943]): *Prolegómenos a una teoría del lenguaje*. Versión española de J.L. Díaz de Liaño. Madrid: Gredos.
- HURTADO VALERO, Pedro (2002): *Eduardo Benot: una aventura gramatical*. Madrid: Verbum.

- LAGARDE, Jean-Pierre (1988) : “Les parties du discours dans la linguistique moderne et contemporaine” en *Langages* 92; 93-108.
- LALLOT, Jean (2001): “L’enjeu de la terminologie : le(s) nom(s) grec(s) du pronom” en COLOMBAT, Bernard e SAVELLI, Marie (eds.) (2001); 265-274.
- LAZARD, Gilbert (1999): “Pour une terminologie rigoureuse : quelques principes et propositions” en *La terminologie linguistique (Mémoires de la Société de Linguistique de Paris VI)*. Lovén: Peeters; 111-133.
- LEECH, Geoffrey (1989): *English grammar & Usage* (autores asociados: Benita Cruickshank e Roz Ivanič). London/ Melbourne/ Auckland: Edward Arnold.
- LÓPEZ GARCÍA, Ángel (1994): *Gramática del español. 1. La oración compuesta*. Madrid: Gredos.
- (1999): “Relaciones paratácticas e hipotácticas” en BOSQUE, Ignacio e DEMONTE, Violeta (dirs.) (1999): *Gramática descriptiva de la lengua española*, 3. Madrid: Espasa; 3507-3547.
- LOUREDA, Óscar e ACÍN, Esperanza (coords.) (2010). *Los estudios sobre marcadores del discurso en español, hoy*. Madrid: Arco/ Libros.
- MARTÍ SÁNCHEZ, Manuel (2011a): “Entre la gramática y la pragmática (sobre a pragmagramática)” en BUSTOS TOVAR, José Jesús; CANO AGUILAR, Rafael; MÉNDEZ GARCÍA, Elena de Paredes e LÓPEZ SERENA, Araceli (coords.) (2011), *Sintaxis y Análisis del Discurso Hablado en Español. Homenaje a Antonio Narbona*. Sevilla: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Sevilla; 827-841.
- (2011b): “Los conectores discursivos (entre los otros marcadores discursivos y los otros conectores)” en *Lingüística en la Red*, IX. [http://www.linred.es/articulos_pdf/LR_articulo_30102011.pdf]. [13.5.2012].
- MARTÍN ZORRAQUINO, María Antonia (2010): “Los marcadores del discurso y su morfología” en LOUREDA, Óscar e ACÍN, Esperanza (coords.) (2010); 93-181.
- MARTÍN ZORRAQUINO, María Antonia e PORTOLÉS, José (1999): “Los marcadores del discurso” en BOSQUE, Ignacio e DEMONTE, Violeta (dirs.) (1999): *Gramática descriptiva del español*, 3. Madrid: Espasa; 4057-4082.
- MONTOLÍO, Estrella (2001): *Conectores de la lengua escrita*. Barcelona: Ariel.
- MONTORO DEL ARCO, Esteban Tomás (2006): “Sobre la valoración de la fraseología: perspectiva historiográfica” en ROLDÁN, Antonio; ESCAVY, Ricardo; HERNÁNDEZ, Eulalia; HERNÁNDEZ, José Miguel e LÓPEZ, M^a Isabel (eds.): *Caminos actuales de la Historiografía Lingüística*, II. Murcia, CAM, Fundación Séneca y CajaMurcia; 1463-1477.
- (2006): *Teoría fraseológica de las “locuciones particulares”: las locuciones prepositivas, conjuntivas y marcadoras en español*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- PAVÓN, María Victoria (2003). *Sintaxis de las partículas*. Madrid: Visor.
- PENADÉS, Inmaculada (2005): *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/ Libros.

- (2012): *Gramática y semántica de las locuciones*. Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá.
- PONS RODRÍGUEZ, Lola (2010): “Los marcadores del discurso en la historia del español” en LOUREDA, Óscar e ACÍN, Esperanza (coords.) (2010); 523-615.
- PORROCHE, Margarita (2002). “Las llamadas conjunciones como elementos de conexión en el español conversacional: *pues/pero*” en *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación* 9 (CLAC) [<http://www.ucm.es/info/circulo/no9/porroche.htm>]. [2.09.2011].
- PORTINE, Henri (2001) : “*Connecteurs et marqueurs: quels tems métalinguistiques?*” en COLOMBAT, Bernard e SAVELLI, Marie (eds.) (2001); 239-349.
- PORTOLÉS, José (2007 [1998]): *Marcadores del discurso*. Barcelona: Ariel⁴.
- GREENBAUM, Sidney e QUIRK, Randolph (2005): *A student's grammar of the English language*. Indiana: Pearson Education.
- RAE-AELE: RAE y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA (2009). *Nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa.
- (2010): *Nueva gramática de la lengua española* (versión manual). Madrid: Espasa.
- RODRÍGUEZ RAMALLE, Teresa María (2005): “Los conectores entre la sintaxis, la semántica y la pragmática” en *Círculo de lingüística aplicada a la comunicación* 24 (CLAC); 74-90 [<http://pendientedemigracion.ucm.es/info/circulo/no24/ramalle.pdf>]. [Data de consulta: 22.2.2013].
- RUIZ GURILLO, Leonor (2010): “El tratamiento de la fraseología en el *Diccionario de Partículas Discursivas del Español*” en MELLADO BLANCO, Carmen; BUJÁN, Patricia; HERRERO, Claudia; IGLESIAS, Nely e MANSILLA, Ana (eds.): *La fraseografía del S. XXI: nuevas propuestas para el español y alemán*. Berlin: Frank & Timme; 211-230
- SANTOS RÍO, Luis (2003): *Diccionario de partículas*. Salamanca: Luso-Española de Ediciones.
- SECO, Manuel (2011 [1961]): *Diccionario de dudas y dificultades de la lengua española*. Barcelona: Espasa.
- SWIGGERS, Pierre (1999): “Pour une systématique de la terminologie linguistique: Considérations historiographiques, méthodologiques et épistémologiques” en *La terminologie linguistique (Mémoires de la Société de Linguistique de Paris VI)*, Loven: Peeters; 11-49.
- TIMOFEEVA, Larissa (2012): *El significado fraseológico. En torno a un modelo explicativo y aplicado*. Madrid: Liceus.
- TRABANT, Jurgen (1992): *Humboldt ou le sens du langage*. Liège: Mardaga.
- VAN VALIN, Robert D. e LAPOLLA, Randy J. (1997): *Syntax: Structure, Meaning, and Function*. Cambridge: Cambridge University Press.